

## PROGRAMACIÓN DE ACTIVIDADES PARA ESCOLARES NO CASTRO DE VILADONGA PARA CELEBRAR O DÍA DOS MUSEOS

Con motivo do Día Internacional dos Museos, o Museo do Castro de Viladonga, ó igual que vén facendo dende hai anos, organiza unha serie de actividades para nenos de ensino infantil e primario que complementan a difusión e acción didáctica do centro.

Na semana do 13 ao 16 de maio e os días 20 e 21 de mesmo mes, haberá oito sesións de monicreques e catro sesións de ilusionismo que se distribuirán como segue:

- Luns 13, martes 14, luns 20 e martes 21 de maio: "Perico o cangrexo" a cargo de **Titirimaña Teatro**, adaptación do conto do mesmo título da autora Amparo Gómez Cuerpo, con guiión, dirección e interpretación de Isabel Gil e Cuca Fernández. Pretende ensinar aos pequenos o coidado da natureza a través dos animais mariños que viven nas pozas da praia. Este conto faise especial para o público infantil, non só polo que sucede na historia senón tamén polo atractivo do decorado que nos fai viaxar ao fondo mariño.



Lara e María



Perico, Sr. Ourizo e Polbiño

- O mércores 15 e o xoves 16 de maio, o **Mago Rafa** fará un espectáculo de ilusionismo especificamente para nenos.

Das dúas actividades haberá dous pases de 30 minutos de duración cada día; o primeiro comezará ás 10:30 e o segundo ás 11:30. O aforo será de 60 persoas e está destinado a nenos de infantil e 1º e 2º ciclos de primaria, salvo no caso do espectáculo de ilusionismo ao que tamén poderán asistir alumnos do 3º ciclo de primaria. É conveniente que os grupos sexan homoxéneos para poder adaptarse o mellor posible a cada nivel educativo.

Igualmente, e mentres duren os traballos de consolidación arqueolóxica que se levan a cabo no Castro, estanse realizando **visitas guiadas para escolares nas áreas de intervención**. Para facelo deberán concertar a visita con antelación nos teléfonos do Museo 982 314 255 ou 982 314 194 ou ben nos correos electrónicos [museo.viladonga@xunta.es](mailto:museo.viladonga@xunta.es) ou [museo@aaviladonga.es](mailto:museo@aaviladonga.es). O material didáctico do Museo pódese descargar tamén no sitio web [www.aaviladonga.es](http://www.aaviladonga.es) accedendo ás diferentes unidades de traballo a través dos apartados de Actividades e Acción Didáctica.